Cambio climático



PENSA


Ata hai aproximadamente un século o clima do planeta Terra variaba moi lentamente, pero nas últimas décadas a temperatura aumentou rapidamente debido á contaminación que emiten os humanos coa queima de combustibles fósiles como o petróleo, o carbón ou o gas. Este proceso chámase cambio climático e afecta especialmente a zonas moi cálidas, como o norte de África, ou a lugares moi fríos, como o Polo Norte e o Polo Sur.

SABÍAS QUE...

Que é o cambio climático?

O cambio climático é a variación significativa e duradeira dos patróns meteorolóxicos do clima terrestre.

Que haxa variacións no clima é algo normal e natural, que se deu ao longo da historia do planeta, debido a cambios nas correntes oceánicas, procesos bióticos, a actividade volcánica ou as variacións na radiación solar recibida.



Que é o quentamento global?

É o aumento da temperatura da superficie terrestre debido ao efecto invernadoiro producido pola contaminación atmosférica. Na actualidade, a temperatura do planeta Terra é 1,1 graos máis cálida que a rexistrada entre 1850 e 1900.

Que é o efecto invernadoiro?

É a retención da calor do Sol na atmosfera da Terra por parte dunha capa de gases atmosféricos. Sen eles a vida tal como a coñecemos non sería posible, xa que o planeta sería demasiado frío. O problema é que eses gases, como o dióxido de carbono ou o metano, son agora demasiado abundantes debido ao tráfico de coches, á queima de carbón e gas para xerar enerxía e ao incremento do número de animais criados na gandaría. Ao mesmo tempo, a corta de árbores reduce a capacidade da natureza para absorber eses gases.

C



AUSAS DO CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático acelerouse debido á emisión de gases de efecto invernadoiro polos seres humanos, que non parou de aumentar desde o século XIX. No ano 2022 expulsáronse á atmosfera 40,5 xigatoneladas de dióxido de carbono, unhas 450 veces o peso da Torre Eiffel de París, o dobre do que se emitía hai 50 anos. A boa noticia é que desde 2019 os niveis de contaminación se estabilizaron e, en teoría, vanse ir reducindo pouco a pouco nos próximos anos.

Hai diferentes tipos de gases de efecto invernadoiro, aínda que o máis abundante é o dióxido de carbono (CO2), que representa aproximadamente o 80 % destes gases contaminantes. Séguenlle o metano (CH4) e o óxido nitroso (N2O). O dióxido de carbono xerado polos humanos procede principalmente da queima de combustibles para xerar enerxía en forma de electricidade –para prover de luz as cidades–, calor –para que funcionen as fábricas– ou para mover os motores dos vehículos.

Os seres humanos tamén xeran gases de efecto invernadoiro a través do mal uso da natureza. A gandaría ruminante e os excrementos que xera son responsables de aproximadamente o 6 % das emisións contaminantes do planeta, a deforestación tamén reduce a capacidade das árbores e das plantas para absorber o dióxido de carbono da atmosfera –no seu proceso de fotosíntese– e o uso de fertilizantes na agricultura tamén xera grandes cantidades de óxido nitroso, un gas que é 300 veces máis contaminante que o CO2.

En calquera caso, non todos os gases de efecto invernadoiro que se expulsan á atmosfera permanecen nela. Neste momento só hai aproximadamente a metade dos gases contaminantes que o ser humano emitiu ao aire, xa que o resto foi absorbido pola auga, as plantas e as árbores, por iso é tan importante coidar a natureza.

CONSECUENCIAS DO CAMBIO CLIMÁTICO

O impacto do cambio climático nas nosas vidas é evidente. Ten profundas consecuencias económicas e sociais, cuxos efectos poderían intensificarse se non se comezan a tomar medidas. España, pola súa situación xeográfica e características, é moi vulnerable ao cambio climático.

Estas son só algunhas consecuencias:

1. Aumento da temperatura
Os cambios na temperatura son a consecuencia máis clara do cambio climático. A superficie terrestre é hoxe 1,1 graos máis cálida de media que na era preindustrial –entre 1850 e 1900-, é dicir, cando o ser humano aínda non queimaba combustibles en grandes cantidades. Aínda que poida parecer un incremento pequeno da temperatura, é unha cifra media para todo o planeta, e hai zonas onde os termómetros soben moito máis rápido. Por exemplo, o mar Mediterráneo quéntase tres veces máis rápido que o resto das augas da Terra. Tamén ocorre no Ártico, o que produce ademais un desxeo masivo no Polo Norte.



2. Aumento do nivel do mar:
Este desxeo fai que o nivel do mar suba pouco a pouco, a un ritmo case imperceptible pero que ten consecuencias moi graves a longo prazo, como a desaparición de zonas costeiras e illas. Entre 1993 e 2023, en só 20 anos, o nivel da auga do mundo subiu 9,85 centímetros e este ritmo acelerábase cada vez máis a medida que o cambio climático empeora. Estímase que se se deteñen drasticamente as emisións, no ano 2100 o mar será uns 60 centímetros máis alto que no ano 2000. Pero se a contaminación se mantén nos niveis actuais, a finais deste século o nivel do océano podería subir por riba dos dous metros. . O aumento dos niveis da auga non só está relacionado coa fusión do xeo. A medida que o planeta se quenta, a temperatura da auga tamén aumenta, o que fai que se expanda.

3. Falta de auga potable

As masas de auga continentais, como ríos, lagos e encoros, poderían secarse por mor das secas, diminuíndo a dispoñibilidade de auga para o consumo humano e a produción de alimentos.

4. Deforestación


Arrasa os bosques e as selvas da Terra, o que significa emitir máis gases de efecto invernadoiro á atmosfera, un inmenso dano á calidade dos solos e unha maior aceleración e gravidade do cambio climático. A maioría dos motivos da corta indiscriminada de árbores están relacionados coa actividade agrícola-gandeira e coas operacións que requiren a corta de bosques para obter máis espazo  para cultivos, gando, produtos de polpa de papel e madeira.

A corta de árbores, legal ou furtiva (ilegal), implica construír estradas para acceder a bosques remotos, incendios forestais, perda de especies, etc.

España é un dos países da Unión Europea máis afectados polos incendios forestais, un problema que ameaza con intensificarse debido ao cambio climático. En máis do 96% dos incendios con causa coñecida en España, o lume é ocasionado polo ser humano.

5. Extinción de especies animais e vexetais

Numerosos informes aseguran que un aumento media de 1.5° C pode poñer en risco de extinción ao 20-30% das especies. Se o planeta se quenta en máis de 3° C, a maioría das especies animais e vexetais terán dificultades para adaptarse aos cambios producidos nas súas contornas naturais e ecosistemas. Actualmente, moitas das especies



ameazadas do mundo viven en áreas que se verán seriamente afectadas polo cambio climático, que está a suceder demasiado rápido para que poidan adaptarse, é o que se coñece como Sexta extinción e estase a producir neste século.

6. Fenómenos meteorolóxicos adversos

Producirase un aumento na intensidade e na frecuencia das choivas, con maiores aparicións de tormentas, furacáns, tornados, inundacións, secas e ondas de calor debida ao incremento do índice de evapora



7. Ameaza da saúde de millóns de persoas

A Organización Mundial da Saúde (OMS) prevé que o cambio climático causará unhas 250 mil defuncións adicionais cada ano entre 2030 e 2050, debido á malnutrición, o paludismo, a diarrea e a tensión calórico. As zonas con peores

infraestruturas, que se atopan nos países pobres ou en vías de desenvolvemento, serán as menos capacitadas para enfrontarse a estes cambios.

QUE PODO FACER EU...?

Todos podemos realizar de maneira sinxela actividades que reduzan as emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera. A nosa contribución é pequena, pero importante.

Alternativas de transporte.

- Ver fichas Medios de transporte y comunicación
- Os fogares son responsables do 30% do consumo de electricidade na UE, de maneira que se todos aforramos electricidade, o efecto será considerable.Ver ficha Gasto enerxético no fogar.
- O 45% da enerxía que consome un televisor faino en modo standby. Se todos os europeos evitásemos



- este modo, aforrariamos a electricidade que consome un país do tamaño de Bélxica.
- Non deixes tampouco o cargador do móbil enchufado cando non esteas a cargar o teléfono. Se o fas, o 95% da electricidade pérdese.

- Se secades a roupa ao aire libre a metade do ano en lugar de utilizar a secadora, reduciredes en 320kg a emisión de dióxido de carbono ao ano.
- Non poñas a calefacción moi alta. Baixar a temperatura en só 1º C pode reducir ata un 7% a factura enerxética dunha familia e aforrar un 900kg de dióxido de

carbono ao ano. A temperatura óptima oscila entre os 18º e 21º C.



- Compra produtos de papel reciclado. La fabricación de papel reciclado consume entre 70 - 90 % menos de enerxía e evita que continúe a deforestación mundial.
- Evita comprar produtos envasados. Se se reduce nun 10 % o lixo personal pódens ido de carbono ao ano.
- Se recic minio usadas axudarás a reducir ata 10 veces a



enerxía para producilas.

[Ver ficha Desbaratamento de alimentos.]

Ver ficha Consumo hídrico no fogar.

- Compra alimentos frescos, locais e de tempada. Producir comida conxelada consome 10 veces máis enerxía. Ver ficha Consumo sostible.
- Come menos carne e lembra que tes a opción de substituír as proteínas de orixe animal polas de orixe vexetal. Se España apostase de novo pola dieta mediterránea, as emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas á produción de alimentos baixarían máis dun 70%. Para producir 1kg de tenreira emítense 27kg de CO_2 e para o mesmo peso de lentellas só 1kg de CO_2, sen falar da tremenda diferenza en consumo de auga, terra e impacto na biodiversidade.
- Planta unha árbore tendo en conta as características ecolóxicas da zona e os permisos. Unha soa árbore elimina unha tonelada de dióxido de carbono ao longo da súa vida.

PARA SABER MÁS...

- Cambio climático para nenos, recursos e actividades
- OMS. Cambio climático y salud
- Programa da ONU para o ambiente
- Ecologia Verde. Más información sobre cambio climático
- National Geographic: 100 soluciones prácticas para revertir el cambio climático